

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Concellería de  
Contratación, Patrimonio  
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e  
Formación**

## INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

### ANTECEDENTES

I.- Con data 05/08/2021, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban bases e convocatoria das bolsas de emprego para nomeamentos interinos de Enxeñeiros/as de camiños, canais e portos e Enxeñeiros/as industriais que publicáronse no BOP de Pontevedra nº 157 de data 17/08/2021.

II.- Nas referidas Bases, se ordenaba proceder á convocatoria pública dos procesos selectivos para a formación de dúas Bolsas de Emprego:

Enxeñeiro de camiños, canais e portos, subgrupo A1, a executar segundo o indicado no apartado primeiro do presente acordo.

Enxeñeiro industrial, subgrupo A1, a executar segundo o indicado no apartado primeiro do presente acordo

III.- Verificado o cumprimento das Bases en canto a requisitos legais de titulación esixida, especialidade técnica, profesionalidade e especialidade dos membros do órgano de selección, dítase instrución relativa á designación dos mesmos (trámite 88).

IV.- Consta informe favorable de fiscalización

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- O artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que:

*“Os órganos de selección serán colexiados e deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.*

*O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.*

*A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén”.*

Así mesmo, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

*“1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e mais de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.*

*2. En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección:*

*a) O persoal de elección ou de designación política.*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 24/09/2021 11:45

Páxina 1 de 6

Expediente 38223/220

CSV: 2D8AAF-B2AB46-27DA83-1U689V-SVBW4N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Concellería de  
Contratación, Patrimonio  
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e  
Formación**

- b) O persoal funcionario interino ou laboral temporal.  
 c) O persoal eventual.  
 d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.  
 3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer esta en representación ou por conta de ningún.

4. Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

5. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estricto cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

6. A composición e o réxime de funcionamento dos órganos de selección estableceranse regulamentariamente.

7. As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei poden crear órganos especializados e permanentes para a organización dos procesos selectivos.”

**II.-** O réxime de funcionamento dos órganos de selección recóllese no artigo 61 do antedito Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público, así como o contido e desenvolvemento dos procesos selectivos, que os membros do citado órgano deberán respectar en todo caso, sen prexuízo daquelas instrucións concretas de funcionamento contidas nas bases ou en circulares e instrucións que poidan acordarse polos órganos municipais competentes ao efecto.

En consecuencia, vistas as competencias recollidas no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local; vistos os decretos da Alcaldía de 16/04/2021, e acordo de XGL de 22/04/2021, delegación de competencias en materia de persoal, así como a habilitación á Sra. concelleira-delegada competente en materia de persoal, acordado pola Xunta de Goberno Local de 05/08/2021, para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección, sométese á consideración da Sra. concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN para preceptiva fiscalización previa:**

**Primeiro.-** Declarar admitidos/as provisionalmente aos aspirantes que presentaron solicitude para participar no proceso selectivo para a formación das bolsas de emprego para nomeamentos interinos de Enxeñeiros/as de camiños, canais e portos e Enxeñeiros/as industriais, ambas subgrupo A1 de titulación, agás aos que a continuación expresamente se exclúen, polos motivos que en cada caso se indican co cardinal correspondente, e que poderán ser emendados nos termos do disposto no apartado VI do citado acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 24/09/2021 11:45

Páxina 2 de 6

Expediente 38223/220

CSV: 2D8AAF-B2AB46-27DA83-1U689V-SVBW4N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Concellería de  
Contratación, Patrimonio  
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e  
Formación**

**ENXEÑEIRA/O DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS**

APELIDOS E NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
Amaro Area, Cristina María	***2007**	ADMITIDA/O
Bellas Díaz, Javier	***1863**	ADMITIDA/O
Carrasco García, Laura	***2395**	EXCLUÍDA/O (2)
Couto Mesejo, Álvaro	***0723**	EXCLUÍDA/O (1)
Cuevas Gutiérrez, Santiago	***0545**	ADMITIDA/O
De la Mata Pombo, Diego Mariano	***2957**	EXCLUÍDA/O (1)
Doval Canabal, Marta	***1449**	ADMITIDA/O
Eiras Silva, Manuel	***0858**	EXCLUÍDA/O (2)
Fernández Casanova, Carlos Antonio	***3640**	ADMITIDA/O
González Eiras, Fabio José	***1882**	EXCLUÍDA/O (2)
González Estévez, María del Mar	***7380**	ADMITIDA/O
López Alonso, Manuel	***4937**	ADMITIDA/O
Marian Bilbao, Luis Eugenio	***7753**	EXCLUÍDA/O (1)
Marín Gomez, Félix Miguel	***4977**	ADMITIDA/O
Martínez Giráldez, Fátima	***7916**	EXCLUÍDA/O (1)
Mera Rico, Inés	***9996**	ADMITIDA/O
Pastur García, María	***3105**	EXCLUÍDA/O (1)
Paz Salgado, Xacobe	***1832**	ADMITIDA/O
Rodríguez Cañas, Rufino	***1555**	EXCLUÍDA/O (1)
Sánchez González, Juan Manuel	***5776**	EXCLUÍDA/O (1)
Santidrián Yebra-Pimentel, Marta Sara	***5227**	EXCLUÍDA/O (1)

**ENXEÑEIRA/O INDUSTRIAL**

APELIDOS E NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
Ave González, Sandra	***2035**	EXCLUÍDA/O (1)
Ballesteros Villar, Santiago	***6355**	ADMITIDA/O
Camino Loureiro, Cristina	***8286**	EXCLUÍDA/O (1)
Collazo Lago, Francisco Javier	***9327**	EXCLUÍDA/O (1)



**CONCELLO  
DE VIGO**



**Concellería de  
Contratación, Patrimonio  
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e  
Formación**

De Peroy Pereira, Silvia	***3967**	ADMITIDA/O
Estévez Álvarez, Diego	***2062**	EXCLUÍDA/O (1)
Fernández Arias, Yolanda	***0538**	EXCLUÍDA/O (1)
Fernandez Campos, Jose	***7023**	ADMITIDA/O
Fernández Martínez, Lara	***6275**	ADMITIDA/O
García Abalde, José Ángel	***7963**	EXCLUÍDA/O (1)
García Currás, María Cristina	***4144**	EXCLUÍDA/O (1)
García García, José Raúl	***7670**	ADMITIDA/O
Gómez Barrera, Breixo	***6158**	ADMITIDA/O
González Fernández, Roberto Carlos	***3713**	EXCLUÍDA/O (1)
López Rodríguez, Ana	***6341**	EXCLUÍDA/O (1)
López Rodríguez, Iria	***1102**	EXCLUÍDA/O (3)
Malga Paz, Pablo	***4760**	EXCLUÍDA/O (3)
Parga Rodríguez, Óscar	***6529**	EXCLUÍDA/O (1)
Regueiro Fernández, Álvaro	***4158**	ADMITIDA/O
San Mamerto Cruz, Ana Belén	***9842**	EXCLUÍDA/O (1,3)
Soto González, Vicente	***8137**	ADMITIDA/O
Tapias Bouso, Cristina	***8089**	ADMITIDA/O
Vaquero Lamas, Tamara	***2603**	EXCLUÍDA/O (1)
Vázquez Luque, Aurelio	***7672**	ADMITIDA/O
Vázquez Veiga, Marta María	***2666**	EXCLUÍDA/O (1)
Vilariño San José, Alba	***8842**	ADMITIDA/O
Vizcaíno González, Sergio	***8542**	ADMITIDA/O

### CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS

- (1) Por non achegar copia simple do DNI, NIE ou pasaporte con plena vixencia.
- (2) Por non presentar a declaración xurada establecida nas bases reitoras.
- (3) Por non manifestar estar en posesión da titulación requirida.

**Segundo.-** Dispoñer que o órgano de selección estará integrado polos seguintes membros, nos termos da instrución Sra. concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data de sinatura electrónica:

Presidente

Titular: Beatriz Domínguez Pereira, Técnica de administración xeral.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 38223/220

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 24/09/2021 11:45

Páxina 4 de 6

CSV: 2D8AAF-B2AB46-27DA83-1U689V-SVBW4N-EH

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Concellería de  
Contratación, Patrimonio  
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e  
Formación**

Suplente: Carla Candia Paz, Técnica de administración xeral.

#### Secretario

Titular: María Isabel Fernández Gabriel, Técnica de administración xeral.

Suplente: Luis Rodríguez-Cadarso de la Peña, Técnico de administración xeral, Xefe de patrimonio.

#### Vogal 1

Titular: Jerónimo Centrón Castaños, Enxeñeiro Camiños, Canais e Portos.

Suplente: Maria Luisa Sobrino del Río, Arquitecta, Xefa da Área Técnica.

#### Vogal 2

Titular: Begoña Arranz González, Enxeñeira Industrial, Xefa servizo electromecánicos.

Suplente: Benjamín Collazo Rodríguez, Enxeñeiro Industrial, Xefe Servizo Limpeza.

#### Vogal 3

Titular: Aurelio Adán Fernández , Enxeñeiro da Edificación, Xefe oficina supervisión proxectos.

Suplente: Juan Luis Piñeiro Ferradás, Arquitecto de obras e proxectos.

**Terceiro.-** Informar que, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cualificador, no prazo de tres (3) días hábiles, contados dende o día da publicación deste anuncio no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web da casa do concello ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Así mesmo os aspirantes excluídos provisionalmente disporán, tal e como establecen a bases reitoras, dun prazo de tres (3) días hábiles, contados dende a publicación deste anuncio no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para presentar reclamacións ou emendar erros ou omisións.

En canto á abstención e recusación dos membros do órgano de selección rexerese polo disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Cuarto.-** Transcorrido o prazo de recusación dos membros do órgano de selección e emenda de solicitudes, mediante resolución da concellería delegada competente en materia de persoal, aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos, e data de constitución do tribunal que se publicará no taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 24/09/2021 11:45

Páxina 5 de 6

Expediente 38223/220

CSV: 2D8AAF-B2AB46-27DA83-1U689V-SVBW4N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Concellería de  
Contratación, Patrimonio  
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e  
Formación**

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A Técnica de Administración Xeral.- Beatriz Domínguez Pereira

CONFORME

A Xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez

### **DECRETO**

RESOLVO de conformidade coa precedente proposta.

A Concellera delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021).- Patricia Rodríguez Calviño

Dou fe,

A Secretaria de Administración Municipal.- Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 24/09/2021 11:45

Páxina 6 de 6

Expediente 38223/220

CSV: 2D8AAF-B2AB46-27DA83-1U689V-SVBW4N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>